



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Practicum		Código	661G01032
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	24
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	Ter superadas as Estancias Clínicas I, II, III, IV, V, VI, VII para poder cursar esta materia.			
Departamento				
Coordinación	Sanchez Álvarez, Carmen MªRodríguez Costa, Francisco Javier	Correo electrónico	carmen.sanchez@udc.esfrancisco.rodriguez.costa@udc.es	
Profesorado	, Garcia Fraguela, Berta García Rodríguez, María Teresa Rodríguez Costa, Francisco Javier Rodríguez Veiga, David Sánchez Álvarez, Carmen María Sanchez Álvarez, Carmen Mª Sánchez Flores, Paula Seijo Bestilleiro, Rocio Souto Fernández, Estela	Correo electrónico	berta.fraguela@col.udc.es m.t.garcia.rodriguez@udc.es francisco.rodriguez.costa@udc.es d.rveiga@udc.es carmen.sanchez1@udc.es carmen.sanchez@udc.es paula.sanchez.flores r.seijob@udc.es estela.souto@udc.es	
Web	www.campusvirtual.udc.es/moodle			
Descrición xeral	Son Estadías Clínicas que corresponden ó nivel avanzado da aprendizaxe práctico clinica que teñen como finalidade integrar os coñecementos e habilidades adquiridas que lles permitan entender, comprender , diagnósticar e participar no deseño e desenvolvemento dun plan de coidados ás persoas nun contexto determinado de saúde, e desenvolver habilidades de comunicación efectiva cos doentes, familias e equipo asistencial.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Capacidade de participar de xeito activo e responsable como integrante do equipo asistencial	A62	B3	C1
		B5	C3
		B7	C4
		B8	C7
		B9	C12
		B11	C13
		B14	
		B18	
		B19	
		B22	



Desenvolver con habilidade estratexias de comunicación coas persoas, familias, grupos e comunidade.	A62	B5 B7 B9 B10 B11 B14 B15 B16 B22 B24	C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12 C13
Amosar a capacidade de determinar as necesidades de coidado das persoas atendidas, establecendo os diagnósticos de enfermaría e complicacións potenciais. Planificar as intervencións e actividades necesarias. Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade e avaliando a súa eficacia. Utilizar os Sistemas de Continuidade de Coidados.	A62	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B24	C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12 C13
Actuar segundo os principios éticos e legais que guían á profesión. Cumplir as normas de funcionamento das institucións sanitarias.	A62	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 B13 B15 B16 B18 B20 B21 B22 B24	C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12 C13

Contidos



Temas	Subtemas
Prácticas clínicas tuteladas que se desenvolven en calquera ámbito da practica da enfermaría.	<p>Realización do proceso de coidados.</p> <p>Realización de actividades de prevención e promoción da saúde.</p> <p>Coidado ás persoas en situacións específicas.</p> <p>Comunicación co usuario e/ou persoas significativas e intraprofesional.</p> <p>Traballo en equipo e relacións interprofesionais.</p> <p>Incorporación á práctica profesional dos principios éticos e legais que guían a profesión.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A62 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12 C13	480	0	480
Portafolios do alumno	A62 B1 B3 B4 B8 C1 C7 C11 C12 C13	0	20	20
Estudo de casos	A62 B2 B3 B4 B8 B11 B12 B13 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12	6	66	72
Lecturas	A62 B3 B8 B11 C6 C11 C12 C13	4	16	20
Actividades iniciais	A62 B1	2	0	2
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	Práctica clínica de intervención integradora e avanzada que se desenvolve no ámbito hospitalario ou comunitario (segundo asignación) en quenda fixa con gardas ou quenda rotatoria complexa.
Portafolios do alumno	<p>O Portafolios contén o rexistro realizado polo estudiantado durante o período de práctica clínica.</p> <p>Constará dos seguintes contidos :</p> <ol style="list-style-type: none"> MEMORIA DE PRÁCTICAS, integrada polos seguintes documentos: <ul style="list-style-type: none"> - Reflexión Crítica sobre a Unidade Clínica ou Centro de Saúde na que se realizaron as prácticas. - Autoavaliación do estudante, mediante items normalizados DIARIO REFLEXIVO DE PRÁCTICAS, como exercicio de introspección respecto da experiencia das Prácticas Clínicas e valoración das perspectivas profesionais e persoais.



Estudo de casos	<p>A /o estudante elixirá un proceso patolóxico tipo da Unidade de Prácticas e realizará o seguimento dunha persoa con ese problema de saúde, seguindo os pasos que se enumeran a continuación:</p> <p>Descrición do proceso patolóxico elixido. Bases fisio-patolóxicas do caso.</p> <p>Enumeración dos problemas de saúde e complicacións potenciais, determinando obxectivos e actividades de enfermaría para resolver e previr os problemas reais e potenciais detectados.</p> <p>Valoración final do estudante sobre as fortalezas e dificultades percibidas para a realización do traballo.</p> <p>O traballo sobre o caso clínico colgarase na plataforma Moodle ou enviarase por correo electrónico á profesora asignada e será presentado de forma oral (con apoio audiovisual) nunha sesión de grupo reducido. A profesora especificará, de ser o caso, a necesidade de usar taxonomía enfermeira.</p>
Lecturas	O profesorado presentará ao alumnado, para a súa lectura crítica, un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.
Actividades iniciais	Actividade que ten lugar antes do inicio das prácticas clínicas. Realizarase unha sesión na aula para o grupo completo do estudantado na que se especificarán as metodoloxías para o correcto desenvolvemento da materia, así como o sistema de avaliación. Asi mesmo, cada profesora realiza a presentación ao grupo asignado para aclarar aspectos relativos a actividade segundo se realicen as prácticas clínicas en atención especializada ou atención primaria.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas Portafolios do alumno Estudo de casos	<p>A atención personalizada relacionada coas prácticas clínicas ten como finalidade atender as consultas do estudantado relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que as-os estudantes deben acadar. Farase de forma individualizada, ben de xeito presencial, a través de Teams ou do correo electrónico.</p> <p>A atención personalizada relacionada co Estudo de casos ten como finalidade orientar ao estudantado no desenvolvemento da planificación e a presentación das situacións clínicas. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial, a través de Teams ou do correo electrónico.</p> <p>A realización do Portafolios tamén disporá de atención personalizada a través dos medios indicados anteriormente.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas clínicas	A62 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12 C13	Realizarase unha avaliación continuada a través dos criterios ou indicadores establecidos para a valoración das competencias. A asistencia é obrigatoria.	50
Portafolios do alumno	A62 B1 B3 B4 B8 C1 C7 C11 C12 C13	<p>Para a avaliación do Portafolios terase en conta a súa presentación en tempo e forma, así como:</p> <p>Cumplimentación correcta de todos apartados que o compoñen: ata 3 puntos</p> <p>Claridade e corrección na redacción, a capacidade de síntese e a complimentación de todos os ítems de autoavaliación: ata 3 puntos</p> <p>Capacidade crítica e a corrección narrativa no desenvolvemento do diario reflexivo: ata 4 puntos</p>	15



Estudo de casos	A62 B2 B3 B4 B8 B11 B12 B13 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12	<p>O estudiantado presentará o caso clínico en grupos de estudantes (ou individualmente segundo determine o docente) e responderán ás preguntas realizadas pola/o docente e o alumnado presente. Á presentación oral do Estudo de Caso asignaráselle unha puntuación máxima de 10 puntos e suporá o 20% do total da nota neste apartado. Para a avaliación da presentación oral terase en conta o tempo de exposición, o uso de recursos audiovisuais, a capacidade de síntese, o dominio dos contidos e da exposición, así como a claridade da mesma.</p> <p>Ao Estudo de Caso asignaráselle unha puntuación máxima de 10 puntos e suporá o 80% do total da nota neste apartado.</p> <p>Os criterios de avaliación son os seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Presentación (léxico, redacción, orde dos apartados, estrutura): ata 1 punto2. Valoración por necesidades básicas de V. Henderson ou Patróns funcionais de M. Gordon: ata 2 puntos3. Diagnósticos: ata 2 puntos4. Planificación (priorización, NIC, NOC): ata 3 puntos5. Avaliación: ata 1 punto6. Referencias bibliográficas: ata 1 punto	35
-----------------	--	--	----

Observacións avaliación



Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado oficialmente na materia e ter superadas as Estadías Clínicas I, II, III, IV, V, VI e VII; tal e como consta na memoria do Título de grao en Enfermaría.

A aplicación das porcentaxes na avaliación final para a superación da materia quedará suxeita a que cada unha das metodoloxías que computen na avaliación sexan superadas polo estudiantado segundo os criterios establecidos.

Dado que a asistencia ás prácticas clínicas e obrigatoria, as ausencias deberán comunicarse dacordo á normativa xeral do Centro relativa as Estadías Clínicas. Éstas serán recuperadas ao remate dos rotatorios establecidos e dentro do período de avaliación. As faltas non comunicadas serán valoradas segundo o especificado na normativa xeral do Centro. Ao finalizar o período de prácticas clínicas o estudiantado deberá presentar a Memoria segundo se especifica no regulamento de Estadías Clínicas.

Avaliación 2ª oportunidade:

Dada a natureza das metodoloxías utilizadas no desenvolvemento da materia, na que a maioría das actividades son presenciais (práctica clínica), e polo tanto non recuperables, o estudiantado só poderán empregar a segunda oportunidade para recuperar o estudo de casos e o portafolios.

Adianto de oportunidade e estudiantado con matrícula parcial:

Dado que a práctica clínica é unha actividade presencial, non recuperable, non é posible establecer unha avaliación diferente para estes casos. A cualificación de Matrícula de Honra poderá obtela o alumnado que puntúe alomenos un 9, con preferencia para o alumnado que obteña máis nota. En caso de igualdade de puntuación e habendo máis aspirantes que matrículas, prevalecerá o alumnado que obteña máis nota na metodoloxía de práctica clínica, se esta fose a mesma terase en conta a nota obtida no Estudo de casos e por último a do Portafolios. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria na que se cometa: a/o estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, se fose necesario. Esta materia ten en conta as recomendacións sobre SOSTIBILIDADE, MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XÉNERO para acadar unha contorna inmediata sustentable, ambiental e social. Por todo isto:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de MOODLE, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.

- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.
- Débense ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia está incorporada a perspectiva de xénero: usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarase a intervención nas distintas actividades da materia de alumnos e alumnas.
- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
- Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.
- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Moorhead S, Swanson E, Johnson M. (2024). Clasificación de resultados de enfermería (NOC). Medición de Resultados en Salud. Barcelona: Elsevier- Wagner CM, Butcher HK, Clarke MF. (2024). Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC).. Barcelona: Elsevier- NANDA International. (2021). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2021-2023. Barcelona: Elsevier- Flynn Makic MB, Martínez-Kratz MR. (2023). Ackley y Ladwig. Manual de Diagnósticos de Enfermería. Barcelona: Elsevier- Lunney M. (2011). Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos. Barcelona: Elsevier- Luis MT (2013). Los Diagnósticos enfermeros. Revisión crítica y Guía Práctica.. Barcelona: Elsevier- Bardají Fandos T. (2008). El diario reflexivo como herramienta de autoaprendizaje en la formación de enfermería . Nursing, Agosto 2008; 26(7):52-8.- Fuentes Pumarola, C. Sirvent, J. y Bonet Saris, A. (2012). Manual de enfermería intensiva.. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/115423- Martín-Romo Mejías, J. (Coord.) (2014). Actuación de Enfermería en urgencias . https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/113010- Barranco Martos, A (2013). Tutorial enfermería de urgencias. Tomo I.. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/50560- Barranco Martos, A (2013). Tutorial enfermería de urgencias. Tomo II.. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/50561- Barranco Martos, A (2013). Tutorial enfermería de urgencias. Tomo III.. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/50562- Barranco Martos, A (2013). Tutorial enfermería de urgencias. https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/50563- (). . http://www.fisterra.com/ <p>A bibliografía básica para esta materia está relacionada fundamentalmente coa especificada nas seguintes materias: Estadías Clínicas III, IV, V, VI e VII.</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Kübler-Ross E. (1993). Sobre la muerte y los moribundos. Barcelona. Grijalbo <p>A bibliografía complementaria pode ser incorporada ao longo do curso polos profesores da materia, que farán indicacións de libros e/ou artigos de revistas científicas de interese na plataforma Moodle da materia.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Nutrición/661G01009

Farmacoloxía/661G01011

Enfermaría da Saúde Mental/661G01015

Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/661G01016

Enfermaría clínica III/661G01017

Enfermaría materno-infantil/661G01018

Enfermaría Comunitaria II/661G01019

Enfermaría Xerontolóxica/661G01020

Estancias Clínicas I/661G01025

Estancias Clínicas II/661G01026

Estancias Clínicas III/661G01027

Estancias Clínicas IV/661G01028

Estancias Clínicas V/661G01029

Estancias Clínicas VI/661G01030

Estancias Clínicas VII/661G01031

Enfermaría Clínica I/661G01034

Enfermaría Clínica II/661G01035

Fundamentos de Enfermaría/661G01107

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Traballo fin de grao/661G01033

Observacións

Tendo en conta o especificado na Memoria do Título é necesario ter superadas as materias: Estadías Clínicas I, II, III, IV, V, VI e VII para poder matricularse no Practicum.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías